



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 188
6 de outubro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [(doc. núm. 16854, 10/PL-000006)] [54740](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [(doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013)] [54740](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

■ 17241 (10/PNC-001437)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación das autorizacións precisas para garantir os investimentos previstos por Elnosa na súa fábrica de Pontevedra

[54750](#)

■ 17273 (10/PNC-001438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación de infraestruturas As Costeiras (PE-4) para a instalación dun campo de golf na parroquia de Baredo

[54752](#)

■ 17338 (10/PNC-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil

[54754](#)

■ 17340 (10/PNC-001440)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a realización polo Goberno galego dun censo da poboación de porcoril (cruzamento de xabaril e porco vietnamita) existente nos montes de Galicia, así como a implementación de medidas para a súa erradicación [54757](#)

I 17348 (10/PNC-001441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando [54759](#)

I 17355 (10/PNC-001442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario para o inicio, execución e remate das obras de construción do novo Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense, así como a consignación das partidas orzamentarias necesarias para a súa execución durante a X legislatura [54763](#)

I 17367 (10/PNC-001443)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa valoración e recoñecemento do grao de discapacidade, así como a atención nas comarcas rurais galegas ás persoas diagnosticadas de alzhéimer ou outras demencias, e a presentación no Parlamento de Galicia dun avance do estudo referido a esta doenza e as persoas cuidadoras [54766](#)

I 17376 (10/PNC-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas [54770](#)

I 17408 (10/PNC-001445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social [54774](#)

I 17411 (10/PNC-001446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración co Ceaga, dunha revisión do Plan estratéxico da automoción, no referido ás circunstancias vinculadas ás novas dinámicas que afectan o sector

[54778](#)

I 17451 (10/PNC-001447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a deterioración ambiental dos ríos Eo, Ouro, Masma e Landro na Mariña lucense, así como a da actividade económica que xeran coa pesca deportiva do salmón

[54782](#)

I 17548 (10/PNC-001448)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a garantía polo Goberno galego do servizo de comedor escolar, de xeito inmediato, a todos os nenos da Cañiza, así como a elaboración dun protocolo de actuación no caso de incidencias que garanta ese servizo

[54785](#)

I 17575 (10/PNC-001449)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos de acceso establecidos na convocatoria de axudas destinadas ás persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2017-2018, así como a súa dotación orzamentaria

[54788](#)

I 17581 (10/PNC-001450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e orzamento das obras de rehabilitación integral dos colexios de educación infantil e primaria Francisco Vales Villamarín, de Betanzos, e Virxe do Monte, de Cospeito, así como de rehabilitación enerxética no CEIP Lagostelle, de Guitiriz, cofinanciadas con fondos do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

[54791](#)

I 17591 (10/PNC-001451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros

[54793](#)

I 17595 (10/PNC-001452)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social

[54796](#)

I 17667 (10/PNC-001453)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cálculo e redución das ratios de alumnos por aula, así como o cumprimento das legalmente establecidas [54801](#)

I 17675 (10/PNC-001455)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás [54804](#)

I 17686 (10/PNC-001456)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis**

Sobre as reformas lexislativas que debe solicitar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir o acceso e unha atención axeitada das mulleres na prestación da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública, así como os seus dereitos sexuais e reprodutivos no medio rural [54806](#)

I 17689 (10/PNC-001457)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 4 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero [54813](#)

I 17691 (10/PNC-001458)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa normativa referida ao uso do castelán na etiquetaxe dos produtos comerciais, así como a adopción das medidas necesarias para promover o uso da lingua galega nela e darlles efectividade ás inseridas no Plan de normalización lingüística nese ámbito [54816](#)

I 17698 (10/PNC-001459)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia [54820](#)

I 17704 (10/PNC-001460)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a conservación da torre de Caldaloba, en Cospeito, así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia

[54823](#)**I 17811 (10/PNC-001461)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da creación da Área Metropolitana da Coruña, así como a consignación para o ano 2018 dos recursos orzamentarios suficientes para contribuír á súa constitución e posta en funcionamento

[54826](#)**I 17832 (10/PNC-001463)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene

[54828](#)**I 17834 (10/PNC-001464)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha aplicación informática que permita o traballo dos diferentes operadores xurídicos, así como a implantación do expediente xudicial electrónico e a supresión do uso do papel no ámbito xudicial

[54833](#)**I 17835 (10/PNC-001465)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía dos recursos orzamentarios destinados a sufragar a xustiza gratuíta en Galicia ata acadar polo menos o importe destinado para ese fin no ano 2010

[54836](#)**I 17840 (10/PNC-001466)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Facenda da autorización a Navantia para o pagamento da cantidade que debe ao persoal, segundo os dereitos recoñecidos no convenio colectivo vixente

[54838](#)**I 17848 (10/PNC-001467)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego da vivenda pública concertada que permita a promoción de vivenda pública coa participación dos concellos e doutros promotores públicos ou privados

[54843](#)**I 17818 (10/PNC-001468)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para posibilitar a materialización dunha nova cesión de terreos para a construción dun parque público nos que está a ocupar na actualidade a estación de autobuses de Ourense, tras o seu traslado á futura estación intermodal do AVE

[54845](#)**I 17900 (10/PNC-001469)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación das confrarías, dun estudo completo das causas da perda de produtividade marisqueira na ría da Arousa que permita coñecer as medidas necesarias para resolver o problema

[54848](#)**I 17905 (10/PNC-001470)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso de herbicidas con glisofato en lugares públicos

[54850](#)**I 17955 (10/PNC-001471)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a convocatoria pola Xunta de Galicia dun novo proceso de recoñecemento das cualificacións profesionais que abarque todas as prazas do dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

[54852](#)**I 17961 (10/PNC-001472)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a execución polo Goberno galego do Plan de saneamento de Galicia, así como o cumprimento da Directiva 1991/271 e o Real decreto 11/1995, en relación coa estación depuradora de augas residuais de Poio

[54855](#)**I 17981 (10/PNC-001473)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a atención sanitaria no Courel

[54857](#)**I 17985 (10/PNC-001474)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

[54862](#)

I 17996 (10/PNC-001475)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais [54866](#)

I 18007 (10/PNC-001476)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa institución a masonería e o sufrimento daquelas persoas que padecen persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executadas pola súa defensa e a dos seus ideais [54870](#)

I 18013 (10/PNC-001477)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para facer unha avaliación da atención sanitaria do concello de Ordes e analizar especificamente o funcionamento do helicóptero de emerxencias, así como a realización de xestións co Goberno municipal para a inclusión no PXOM do terreo anexo ao PAC como espazo para o heliporto [54872](#)

I 18017 (10/PNC-001478)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e 6 máis**

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes [54874](#)

I 18032 (10/PNC-001479)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar acabo o Goberno galego en relación co expediente sancionador aberto á radio comunitaria da Coruña Cuac FM por emitir sen a correspondente licenza radiofónica, así como a posta á disposición de licenzas radiofónicas para as radios comunitarias non lucrativas de acordo coa normativa vixente [54877](#)

Asignación nova comisión e publicación do acordo**I 14707 - 15571 (10/PNC-001311)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos distintos tipos de operativos de atención das emerxencias existentes na actualidade, así como a situación e as condicións laborais dos vinte e catro grupos de emerxencias supramunicipais [54748](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.4. Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma**

■ 17850 (10/CXER-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2016

[54748](#)

1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento

■ 17345 (10/ESEX-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria segundo trimestre 2017

[54749](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [(doc. núm. 16854, 10/PL-000006)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 18001, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006), ata o día 18 de outubro de 2017 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [(doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 18002, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, A Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013), ata o día 19 de outubro de 2017 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 17241 (10/PNC-001437)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación das autorizacións precisas para garantir os investimentos previstos por Elnosa na súa fábrica de Pontevedra
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17273 (10/PNC-001438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación de infraestruturas As Costeiras (PE-4) para a instalación dun campo de golf na parroquia de Baredo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17338 (10/PNC-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17340 (10/PNC-001440)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a realización polo Goberno galego dun censo da poboación de porcoril (cruzamento de xabaril e porco vietnamita) existente nos montes de Galicia, así como a implementación de medidas para a súa erradicación

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17348 (10/PNC-001441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17355 (10/PNC-001442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario para o inicio, execución e remate das obras de construción do novo Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense, así como a consignación das partidas orzamentarias necesarias para a súa execución durante a X lexislatura

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17367 (10/PNC-001443)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa valoración e recoñecemento do grao de discapacidade, así como a atención nas comarcas rurais galegas ás persoas diagnosticadas de alzhéimer ou outras demencias, e a presentación no Parlamento de Galicia dun avance do estudo referido a esta doenza e as persoas coidadoras

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17376 (10/PNC-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 17408 (10/PNC-001445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17411 (10/PNC-001446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración co Ceaga, dunha revisión do Plan estratéxico da automoción, no referido ás circunstancias vinculadas ás novas dinámicas que afectan o sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17451 (10/PNC-001447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a deterioración ambiental dos ríos Eo, Ouro, Masma e Landro na Mariña lucense, así como a da actividade económica que xeran coa pesca deportiva do salmón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17548 (10/PNC-001448)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a garantía polo Goberno galego do servizo de comedor escolar, de xeito inmediato, a todos os nenos da Cañiza, así como a elaboración dun protocolo de actuación no caso de incidencias que garanta ese servizo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17575 (10/PNC-001449)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos de acceso establecidos na convocatoria de axudas destinadas ás persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2017-2018, así como a súa dotación orzamentaria

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17581 (10/PNC-001450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e orzamento das obras de rehabilitación integral dos colexios de educación infantil e primaria Francisco Vales Villamarín, de Betanzos, e Virxe do Monte, de Cospeito, así como de rehabilitación enerxética no CEIP Lagostelle, de Guitiriz, cofinanciadas con fondos do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17591 (10/PNC-001451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17595 (10/PNC-001452)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17667 (10/PNC-001453)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cálculo e redución das ratios de alumnos por aula, así como o cumprimento das legalmente establecidas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17675 (10/PNC-001455)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17686 (10/PNC-001456)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre as reformas lexislativas que debe solicitar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir o acceso e unha atención axeitada das mulleres na prestación da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública, así como os seus dereitos sexuais e reprodutivos no medio rural

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17689 (10/PNC-001457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17691 (10/PNC-001458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa normativa referida ao uso do castelán na etiquetaxe dos produtos comerciais, así como a adopción das medidas necesarias para promover o uso da lingua galega nela e darlles efectividade ás inseridas no Plan de normalización lingüística nese ámbito

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17698 (10/PNC-001459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17704 (10/PNC-001460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a conservación da torre de Caldaloba, en Cospeito, así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17811 (10/PNC-001461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da creación da Área Metropolitana da Coruña, así como a consignación para o ano 2018 dos recursos orzamentarios suficientes para contribuír á súa constitución e posta en funcionamento

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 17832 (10/PNC-001463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17834 (10/PNC-001464)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha aplicación informática que permita o traballo dos diferentes operadores xurídicos, así como a implantación do expediente xudicial electrónico e a supresión do uso do papel no ámbito xudicial

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17835 (10/PNC-001465)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía dos recursos orzamentarios destinados a sufragar a xustiza gratuíta en Galicia ata acadar polo menos o importe destinado para ese fin no ano 2010

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17840 (10/PNC-001466)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Facenda da autorización a Navantia para o pagamento da cantidade que debe ao persoal, segundo os dereitos recoñecidos no convenio colectivo vixente

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17848 (10/PNC-001467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego da vivenda pública concertada que permita a promoción de vivenda pública coa participación dos concellos e doutros promotores públicos ou privados

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17818 (10/PNC-001468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para posibilitar a materialización dunha nova cesión de terreos para a construción dun parque público nos que está a ocupar na actualidade a estación de autobuses de Ourense, tras o seu traslado á futura estación intermodal do AVE

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17900 (10/PNC-001469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación das confrarías, dun estudo completo das causas da perda de produtividade marisqueira na ría da Arousa que permita coñecer as medidas necesarias para resolver o problema

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17905 (10/PNC-001470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso de herbicidas con glisofato en lugares públicos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17955 (10/PNC-001471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a convocatoria pola Xunta de Galicia dun novo proceso de recoñecemento das cualificacións profesionais que abarque todas as prazas do dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17961 (10/PNC-001472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a execución polo Goberno galego do Plan de saneamento de Galicia, así como o cumprimento da Directiva 1991/271 e o Real decreto 11/1995, en relación coa estación depuradora de augas residuais de Poio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17981 (10/PNC-001473)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a atención sanitaria no Courel

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17985 (10/PNC-001474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17996 (10/PNC-001475)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 18007 (10/PNC-001476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa institución a masonería e o sufrimento daquelas persoas que padecen persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executadas pola súa defensa e a dos seus ideais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 18013 (10/PNC-001477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para facer unha avaliación da atención sanitaria do concello de Ordes e analizar especificamente o funcionamento do helicóptero de emerxencias, así como a realización de xestións co Goberno municipal para a inclusión no PXOM do terreo anexo ao PAC como espazo para o heliporto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18017 (10/PNC-001478)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 18032 (10/PNC-001479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente sancionador aberto á radio comunitaria da Coruña Cuac FM por emitir sen a correspondente licenza radiofónica, así como a posta á disposición de licenzas radiofónicas para as radios comunitarias non lucrativas de acordo coa normativa vixente

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Asignación nova comisión e publicación do acordo

- 14707 - 15571 (10/PNC-001311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos distintos tipos de operativos de atención das emerxencias existentes na actualidade, así como a situación e as condicións laborais dos vinte e catro grupos de emerxencias supramunicipais

BOPG nº 170, do 06.09.2017

A Mesa acorda a reasignación, solicitada no doc. núm. 15571, á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.4. Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación do acordo

- 17850 (10/CXER-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2016

1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación do acordo

- 17345 (10/ESEX-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria segundo trimestre 2017

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jacobo Moreira Ferro, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

Na actualidade, Elnosa dispón para a súa fábrica en Pontevedra dunha autorización ambiental integrada que lle habilita para a produción de cloro coa tecnoloxía actual ata o 11 de decembro de 2017, data límite establecida pola Unión Europea para a adaptación deste tipo de instalacións fabrís aos requirimentos da Comisión Europea en materia de produción de cloro.

Por ese motivo, a empresa ten solicitado á Xunta a revisión da devandita autorización ambiental, a fin de determinar as novas condicións técnicas da actividade na factoría, revisión que na actualidade se atopa en tramitación.

Adicionalmente, Elnosa para poder continuar na súa ubicación actual máis alá do ano 2018 precisará obter da Dirección Xeral de Costas a prórroga da concesión para a ocupación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre, trámite que á súa vez depende a resolución que se adopte na tramitación do expediente de caducidade da concesión.

Asemade, tamén precisará que pola Xunta se declaren as obras de adaptación de tecnoloxía como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, xa que logo o Concello de Pontevedra ten manifestado a súa negativa a concederlle autorización urbanística para garantir o cambio de proceso por outro menos contaminante e a continuidade da actividade e do emprego.

Desde o Grupo Parlamentario Popular apostamos non so pola implantación de novas industrias e investimentos xeradores de emprego en Galicia, senón tamén polo mantemento das industrias xa existentes. Como mostra da nosa convicción temos

presentado no Parlamento a Proposición de Lei de fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia.

Por elo, cómpre que se garanta de xeito claro desde a Xunta de Galicia a súa disposición de facilitar, sempre no marco da legalidade e a transparencia, a tramitación das autorizacións que inste Elnosa e cuxa resolución sexa competencia da Xunta de Galicia, acompañando a súa actuación á concesión das autorizacións que deben ser emitidas por outras administracións, que condicionarán ás da administración autonómica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facilitar, no marco da legalidade e a transparencia, a tramitación das autorizacións precisas para garantir os investimentos que ten previstos a empresa Elnosa na súa fábrica de Pontevedra, acompañando e condicionando a súa actuación á concesión das autorizacións que deben ser emitidas por outras administracións”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/09/2017 10:25:30

Jacobo Moreira Ferro na data 22/09/2017 10:25:40

Jaime Castiñeira Broz na data 22/09/2017 10:25:51

Martín Fernández Prado na data 22/09/2017 10:25:59

Marta Novoa Iglesias na data 22/09/2017 10:26:12

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/09/2017 10:26:19

Gonzalo Trenor López na data 22/09/2017 10:26:28

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/09/2017 10:26:39

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Concello de Baiona está a piques de se converter nunha nova Marbella. En concreto, para a parroquia de Baredo está previsto o Plan Especial de Dotación e Infraestruturas “As Costeiras (PE-4)” e que ten por fin a instalación dun campo de golf. Este proxecto ten en contra aos veciños da parroquia, fundamentalmente polo impacto medioambiental que ten para Baredo e para o concello de Baiona en xeral.

Do propio proxecto derívase que o estudo de impacto ao medio ambiente resulta insuficiente, en aspectos tan relevantes como xeografía, demografía e ecoloxía, sendo especialmente preocupante o impacto directo sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna.

Así, se ben está prevista a execución de balsas de auga para a almacenaxe de excedente que abastecerá a futura Etapa II do Plan, as cifras que se prevé aproveitar por escorrentías da Etapa I (9 buracos) son irrealistas. É máis, ata se pode dicir que toda a estimación dos recursos hídricos dispoñibles asociados á Etapa I é incorrecta, e vai ser preciso un maior aporte de auga externa, ou un investimento económico maior ao estimado para adecuar todo ese terreo para a captación efectiva da auga. A maiores, cunha poboación de 1.085 habitantes (INE 2015) na parroquia de Baredo, preocupa que o abastecemento de auga non estea garantido.

Por outra banda, non hai un estudio pormenorizado da topografía máis alá de planos de deslinde e acotado, pois non existe ningunha análise das augas e acuíferos subterráneos. Toda a conca hidrográfica posúe un firme granítico que terá que ser obxecto de voaduras agresivas que non só poderán causar danos materiais senón tamén afectación ás augas freáticas.

Grupo Parlamentario

Tampouco hai ningún reflexo sobre a contaminación dos acuíferos polo emprego de produtos químicos no mantemento do campo de golf. Non hai medidas de prevención que poidan establecer un control respecto dos danos á saúde das persoas, a fauna e as explotacións gandeiras, especialmente cabalos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta o Goberno galego a dirixirse ao Concello de Baiona para a paralización do Plan Especial de Dotación e Infraestruturas “As Costeiras (PE-4)”, na parroquia de Baredo, polo posible conflito con intereses do Dominio Público Hidráulico, en tanto non se desenvolva de maneira axeitada un estudo de impacto medioambiental deste proxecto e as súas consecuencias, especialmente no relativo a augas freáticas, garantía de abastecemento de auga para consumo humano, fauna e flora autóctonas.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/09/2017 17:54:31

Raúl Fernández Fernández na data 22/09/2017 17:54:40

María Luisa Pierres López na data 22/09/2017 17:54:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/09/2017 17:54:54

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

A Casa da Xuventude de Vigo leva anos realizando unha función imprescindible para o colectivo de mozos e mozas da cidade: Punto de información xuvenil, expedición do Carné Xove (sendo o único centro en Vigo que ofertaba este servizo), xestión dos campamentos de verán, asesoramento laboral, trámite de becas, información de tempo libre e voluntariado, mesmo xestións administrativas de programas como o Camiño a Camiño que non é esencialmente un programa de mocidade. As profesionais do centro encargábanse de asesorar profesionalmente as mozas e mozos que buscaban o seu primeiro emprego.

Dende 2013, mediante unha concesión administrativa, a empresa Xoma era a encargada de levar adiante estes servizos cunha plantilla de 6 traballadoras (moitas delas subrogadas de anteriores empresas, con máis de 18 anos de traballo na atención e desenvolvemento de actividades de orientación e ocio xuvenil.

Ante o remate do contrato de concesión de catro anos (o 31 de agosto), a empresa requiriu información ao Concello de Vigo sobre as intencións futuras ao servizo: prorrogalo un ano, feito que permitía o prego da concesión, ou volver a sacar a concurso o servizo. A resposta do Concello de Vigo á concesionaria foi “que o



servizo desaparecía e non ía ser prorrogado. Ante este feito notificóuselle ás traballadoras, a principios de agosto, a apertura dun expediente de regulación de emprego de extinción dos seis contratos.

Ante preguntas do grupo municipal da Marea de Vigo á propia concelleira de xuventude, Uxía Blanco, informa que a partir do día 1 de setembro os servizos van seguir ofertándose na casa da xuventude cos tres empregados públicos: xefa de servizo, administrativo e técnico xeral que desempeñaban ate entón exclusivamente tarefas administrativas no edificio.

É evidente que ademais das súas funcións habituais, estes empregados públicos non poderán realizar a maiores o traballo de 6 persoas formadas e con experiencia en xestión de actividades e orientación xuvenil durante anos. Especialmente preocupante debería ser para a Xunta de Galicia o deterioro que pode significar nun servizo como a expedición do “carné xove”, ou actividades de orientación laboral, xestión de solicitudes de becas, etc... que por exemplo entre setembro de 2016 e xullo de 2017 atendeu a máis de 22.000 usuarios e usuarias.

Por todos estes motivos, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Poñer as medidas necesarias para que os servizos competencia da Xunta, como o Carné Xove, que se estaban a prestar na Casa da Xuventude sigan a ofertarse na cidade de Vigo.



2. Esixir ao Concello de Vigo o funcionamento correcto e continuado da OMIX (Oficina de Información Municipal Xuvenil) cumprindo o Decreto 50/2000 que regula a *Rede galega de información e documentación xuvenil de Galicia* e evitando o seu desmantelamento.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2017 11:08:06

Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 11:08:19

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre o incremento do censo do porcoril nos montes galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O porcoril, un cruce de xabaril e porco vietnamita, comeza a supoñer unha ameaza para o ecosistema dalgúns zonas de Galicia. Ao igual que o xabaril común, devora as colleitas e arrasa cultivos, sendo moi difícil impedirlle o paso debido ao seu reducido tamaño. Ademais, está poñendo en risco ao propio xabaril, co que se cruza para aparearse.

Aínda que a súa presenza concéntrase sobre todo nalgúns zonas concretas do rural, tense constancia da súa presenza nas catro provincias. A súa maior capacidade reprodutiva con respecto ao xabaril autóctono xunto coa ausencia dunha estratexia articulada par poñerlle freo, está sendo o caldo de cultivo para que nos próximos anos se espalle polos montes galegos, ocupando o espazo doutras especies que, a diferenza do porcoril, si teñen valor cinexético e culinario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

1. Que faga un censo do número de porcoriles nos montes galegos.
2. Implementar medidas para erradicar o porcoril dos montes galegos.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 25/09/2017 11:02:41

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2017 11:02:51

Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 11:02:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 17348
Data envío: 25/09/2017 12:14:53.070

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O presente ano 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego, especialmente ao interior de Ourense e aos concellos limítrofes de Lugo. Desde importantes danos coa xeadada da primavera até a saraibada de finais de agosto. A estes fenómenos súmase unha importante seca que está a ter consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións, como tamén importantes consecuencias sobre a produción agrogandeira.

Desde hai semanas, numerosas persoas que viven do sector levan desenvolvendo concentracións no concello de Viana do Bolo ás que acoden gandeiros e gandeiras dos concellos de arredor, como A Gudiña, A Mezquita ou Chandrexa de Queixa. Desenvolven este tipo de actuacións desde comezos de setembro diante da absoluta inacción por parte da Xunta de Galiza e máis concretamente da Consellaría de Medio Rural.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas, fundamentalmente minorando a cantidade e variedade de alimento para o gando, mais afectando tamén de forma considerábel á produción de castaña e tamén á produción de mel, dous sectores que arrastran as perdas tamén derivadas dos lumes e mais da perda de masa vexetal por mor das xeadas, especialmente a do mes de abril.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 17348
Data envío: 25/09/2017 12:14:53.070

Para alén destas cuestións, cómpre engadir a falta de chuvia e unha longa seca que deixou baixadas históricas dos caudais da zona. Ata tal punto, que desde hai meses pode volver verse á entrada do concello de Viana do Bolo a antiga fábrica da luz polo baixo que corre o caudal do río. Este estado de seca ten consecuencias negativas ao ter almacenado moito menos alimento para o gando do habitual, estando as e os gandeiros a usar xa a reserva de inverno. Ademais, en moitos casos denuncian dificultades enormes para localizar auga para dar de beber aos animais, o que ten derivado en situacións de extremo risco. Neste contexto, a Consellaría de Medio Rural permitiu utilizar as balsas e puntos de carga para os dispositivos de extinción de incendios. Porén, segundo denuncian, na súa maioría están tamén secos e non se cumpre co seu recheo.

As consecuencias poden verse no curto prazo, no extremo destas situacións e en perdas de até o 80% na produción de mel e castaña. Mais tamén se verán a medio prazo, xa que as xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de minguar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Uns ingresos que tamén implican rendas complementarias moi importantes para soste a economía das veciñas e veciños de Viana dos concellos (caso por exemplo, da castaña, que é un complemento para moitos fogares). Ademais, tamén poden ter repercusións negativas no tecido laboral dunha zona xa moi castigada polas dificultades para a fixación de poboación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 17348
Data envío: 25/09/2017 12:14:53.070

1. Estabelecer con carácter urxente contactos co sector agrario do territorio afectado polos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras dos oriente sur de Ourense, principalmente que atinxe á produción de castaña, mel e forraxes para o gando.

2. Estabelecer mecanismos de axuda para apoiar as explotacións afectadas, que permitan manter as explotacións, evitar a perda ou venda de animais e compensar as perdas da produción previstas para este ano.

3. Realizar un estudo das actuacións que pode desenvolver a medio prazo, en colaboración cos concellos afectados, en materia de captación de augas e novos pozos para este tipo de situacións.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 17348
Data envío: 25/09/2017 12:14:53.070

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 12:13:02

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 12:13:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 12:13:10

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 12:13:11

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 12:13:13

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 12:13:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), con máis de 6.500 veciños e veciñas, que se incrementan ata os 8.000 durante os meses de maio a outubro, é un municipio rural cuxa proximidade á cidade fai que nos derradeiros anos estea en continuo crecemento, e que non segue polo tanto a dinámica de despoboamento nin de altas taxas de envellecemento que sofren a maioría dos concellos rurais da provincia de Ourense.

Os veciños e veciñas deste municipio levan esperando a construción do novo centro de saúde, así como manifestándose reclamando melloras sanitarias, dende o ano 2006. O actual atópase nunha situación deplorable por falta de espazo, ao ocupar este unha pequena parte dentro do edificio da Casa Consistorial, que impide a implantación de novas especialidades médicas necesarias (pediatría, odontoloxía ou fisioterapia), ademais de amosar graves eivas de accesibilidade xa que non dispón de ascensor, o que impide aos doentes con problemas de mobilidade acudir ás consultas na primeira planta.

O 17 de maio do ano 2016 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a próxima licitación da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, ao incluírse dentro do segundo paquete de medidas, cun investimento de 60 millóns extra, que segundo afirmaba podía desembolsar ese ano tras incrementar o Goberno central o teito de déficit para o 2016, co fin de axilizar a posta en marcha de 23 centros de saúde en toda Galicia.

O 1 de xullo dese mesmo ano asinábase un convenio entre o Sergas e o Concello do Pereiro de Aguiar, no que se recollía o compromiso de ambas partes para colaborar na construción desta nova infraestrutura sanitaria. A institución municipal comprometéase a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios a fin de poñer a disposición da

Grupo Parlamentario

Consellería de Sanidade unha parcela libre de cargas e gravames, cunha superficie de 2.323 metros cadrados, coa clasificación de uso sanitario. Este asumiría ademais, segundo anunciaba o propio alcalde, todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro coas infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e outros servizos. Pola súa banda o Sergas comprometiase á elaboración e de ser o caso, á supervisión, e á aprobación do proxecto técnico así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos.

O Concello cedeu o terreo para a situación desta infraestrutura, e o proxecto figuraba nas memorias de orzamentos do Sergas do 2016 e tamén deste ano, a pesares do cal as obras aínda non comezaron.

Os anuncios por parte do PP da construción do centro de saúde de Pereiro de Aguiar, fixéronse sempre meses antes das eleccións autonómicas e municipais, transformando unha vez pasadas as citas electorais o compromiso adquirido cos veciños e veciñas deste concello, nun novo engano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a fixar, de forma inmediata, un calendario para o inicio, execución e remate das obras do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar (Ourense), así como asignar as partidas orzamentarias correspondentes para que poidan ser levadas a cabo durante a presente lexislatura.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/09/2017 12:14:46

Raúl Fernández Fernández na data 25/09/2017 12:14:51

Julio Torrado Quintela na data 25/09/2017 12:14:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 12:15:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, sobre as medidas a adoptar para mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de demencia e das súas cuidadoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galicia, estímase que hai entre 70.000 e 100.000 casos de demencias. Na actualidade, o 23% da poboación galega ten máis de 65 anos (estímase que a porcentaxe aumentará ao 40% para o 2050, segundo o INE). Este é un indicador significativo, xa que a idade é o principal factor de risco para desenvolver unha demencia.

Do total das demencias diagnosticadas, o 70% son Alzheimer. O 21 de setembro conmemórase tódolos anos o Día Mundial do Alzheimer, data na que se pon o foco de atención nas persoas que sofren esta enfermidade, visibilizando as súas necesidades, expectativas, etc.

Esta enfermidade non afecta so á persoa que a padece, senón tamén ao seu entorno máis próximo (cuidadoras principais, familiares....) que tamén precisan cuidados e atencións, debidas tanto á gran carga de traballo físico que realizan como á carga afectiva que esta doenza trae consigo.



As consecuencias destas enfermidades neurodexenerativas fanse máis presentes na poboación do rural, xa que á enfermidade engádenselle as características do medio rural (moitas delas favorecidas polas políticas de desmantelamento do rural do PP): despoboación, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade (escaseza de transporte público) carencia de recursos sanitarios e sociais, etc. o que, engadido á elevada idade da poboación fai que en determinadas situacións se complique a intervención sociosanitaria con estas persoas.

Desde En Marea defendemos a dignidade das persoas con Alzheimer e outras demencias, o respecto á súa autonomía, o recoñecemento dos seus dereitos, así como os das persoas coidadoras, cuxa labor debe ser recoñecida, valorada e visibilizada ante a sociedade, así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan.

O 11 de maio de 2016, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade dirixirse ao Goberno do Estado para que se recoñeza automaticamente o 33% de grao de discapacidade ás persoas ás que se lles diagnostique unha enfermidade neurodexenerativa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 3 meses, un informe detallado sobre o número de persoas diagnosticadas con Alzheimer e outras demencias en Galicia que se atopen agardando por a valoración do grao de discapacidade e en agarda de que se lle asigne un recurso do Programa Individual de Atención.



2. Presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 3 meses, un plan específico de recursos para as comarcas rurais galegas para a atención de persoas diagnosticadas de Alzheimer ou outras demencias.
3. Dirixirse ao Goberno do Estado para reiterar a petición do cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia a respecto do recoñecemento automático do 33% de discapacidade ás persoas diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias
4. Reforzar de xeito estrutural –cubrindo todos os postos de traballo vacantes e creando outros novos onde se precise- os Equipos de Valoración e Orientación para a Discapacidade para reducir as listas de agarda na valoración do grao de discapacidade.
5. Presentar, ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de tres meses, un avance do estudo sobre o Alzheimer en Galicia, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de maio de 2016, incluíndo un informe sobre as persoas coidadoras.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/09/2017 13:09:47

David Rodríguez Estévez na data 25/09/2017 13:09:59

Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 13:10:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular “código de boas prácticas” para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebemento inducido pola propia banca reconece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafuzamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafuzamento. Dende o BNG apostamos por reformar a Lei Hipotecaria se de verdade pretende solucionar este drama social, que cada vez afecta máis persoas e familias. A solución está en facer cambios normativos e non en aprobar códigos que non son vinculantes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Polo devandito o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

- a que demande do estado as modificacións legislativas oportunas para que se regule unha moratoria para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e a dación en pago

- a desenvolver unha avaliación do impacto en Galiza da aplicación do Código de boas prácticas bancarias de cara a estudar medidas para poñer en práctica no ámbito das súas competencias para elevar o grao de protección das e dos usuarios galegos que poidan verse afectados e afectadas.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 13:16:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 13:16:58

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 13:17:05

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 13:17:10

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 13:17:12

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 13:17:17

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a

Grupo Parlamentario

través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Estremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.

Grupo Parlamentario

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei galega de profesionalización da Educación Social.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado á regularización da Profesión da Educación Social a nivel estatal, a través dunha Lei de profesionalización da Educación Social.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/09/2017 16:46:25

Julio Torrado Quintela na data 25/09/2017 16:46:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/09/2017 16:46:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/09/2017 16:46:43



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 16:46:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O sector do automóbil é extremadamente relevante na economía de Galicia, e en concreto no sur da provincia de Pontevedra. Con preto de 19.000 empregos directos (un 12 % do sector industrial) e máis de 8.000 millóns de euros en vendas; ademais dunha notable capacidade exportadora.

Ao redor da factoría de PSA-Citroën en Vigo, que segue sendo o motor e referencia, artellouse un sector de compoñentes, que contribúe con ao redor do 75 % ao valor final do automóbil, nos seus diferentes niveis. Con empresas moi ben posicionadas no mercado, entre elas algunhas galegas xa convertidas en multinacionais.

Agrupadas nun clúster propio, CEAGA, con cuantiosas o axudas públicas. Máis alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero resulta evidente que non chega.

A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión. Os investimentos na industria auxiliar prodúcense ao tempo do lanzamento da produción de novos vehículos na factoría final. Está previsto que chegue a furgoneta K-9 no 2018 e o todo camiño V-20 despois.

O propio presidente do Clúster ten recoñecido que, por vez primeira, un lanzamento non atrae novos provedores. Que todas as decisións de novos investimentos están tendo como destino o norte de Portugal (ou, en todo caso, Marrocos).

Cada vez as inversións na industria auxiliar desvíanse máis fóra de Galicia. En 2015 investíronse 115 millóns en Galicia na industria auxiliar, e entre

Grupo Parlamentario

tres e catro veces máis en Portugal (que suporían por riba de 1.200 empregos adicionais).

As empresas situadas ao redor de Vigo están abrindo novos proxectos ou reforzando os existentes en Portugal. Ata o propio presidente de CEAGA chama a ver Portugal como unha oportunidade. Nós insistimos, nos últimos cinco anos perdemos máis de 2.000 empregos e Portugal gañou máis de 6.000, e xa nos adianta en volume facturado.

E todo parece indicar, e así o recollen dende os sindicatos ata publicacións especializadas, que a posta en marcha da produción do proxecto coñecido como K-9 está supoñendo importante carga de traballo fóra de Galicia, en parte debido ás carencias que presenta a política industrial galega. O país veciño producirá o 25 % das pezas das novas furgonetas.

É verdade que a competencia no sector do automóbil é cada vez máis dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. A redución de custos asociada á deslocalización reforza a fábrica final. E a creación do mercado interior europeo fainos competir con Portugal ou o leste de Europa; e a globalización, con Marrocos ou México.

Non podemos aspirar a reter as partes da produción máis intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente como país a unha rápida deslocalización da industria auxiliar, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Por en marcha unha revisión en profundidade do *Plan Estratéxico da Automoción*, en colaboración con CEAGA, que revise as circunstancias vinculadas ás novas dinámicas que afectan ao sector, e formule actuacións nos seguintes ámbitos.

1. Incremente as dotacións nos diferentes Programas de Incentivos Económicos aprobados, tanto a empresas como a centros de investigación e

Grupo Parlamentario

innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.

2. Impulse os acordos entre as empresas auxiliares da automoción e os sindicatos sobre salarios e condicións laborais.

3. Desenvolva un programa, específico para o sur da provincia de Pontevedra, para facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial en condicións de custe e conectividade competitivos co entorno, especialmente axilizando a posta en servizo no menor tempo posible a Plisan.

4. Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado coordinado cos centros públicos de investigación.

5. Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva do sector.

6. Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.

7. Desenvolva plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector da automoción.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/09/2017 17:31:03



 Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/09/2017 17:31:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 17:31:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A situación nos ríos salmoneiros da Mariña lucense é cualificada en moitos medios, asociacións, colectivos e veciñanza en xeral como de escandaloso abandono e de falta de interese por parte das administracións correspondentes.

No norte de Lugo, a Mariña lucense ten catro ríos principais coas correspondentes cuncas hidrográficas cheas de afluentes e regatos. As principais canles son o Landro, Ouro, Masma e Eo; os tres primeiros baixo o control e xestión de Augas Galicia organismo de cunca dependente da Xunta de Galicia e o río Eo dependente da Confederación Hidrográfica do Norte debido ao seu carácter fronteirizo entre comunidades autónomas.

Estes ríos dispoñen de coutos salmoneiros que en maior ou menor intensidade son importante reclamo para unha actividade pesqueira que xera importantes recursos na zona e supón un potente atractivo que ven a complementar outros nesta ampla zona da provincia de Lugo.

Son moitos os negocios da Mariña lucense, nomeadamente hostalaría, restauración, hoteis, pensións ... etc, que se dinamizan coa actividade da pesca deportiva dunha especie tan prezada como é o salmón, pola que se desprazan afeccionados non só do norte da península senón de Europa para participar nesta actividade estacional.

Tanto para percorrer as marxes como para poder pescar necesítase que as marxes e a canle estean limpos de maleza e no caso das canles, limpos de troncos, ramas e todo tipo de refugallos que van caendo á auga ao longo do ano e, especialmente no inverno e/ou cos temporais, e logo acaban formando auténticas presas de madeiras á deriva que entorpecen o libre decorrer das augas.

Grupo Parlamentario

Mesmo a falta de limpeza nas augas pode supor que a especie do salmón diminúa a súa presenza que precisa de canles limpos e cristalinos para prosperar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Segundo veñan denunciando asociacións de pescadores e medioambientais lévase moito tempo trasladando queixas á Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, departamento da Xunta de Galicia que é coñecedor da situación, pero que non está a adoptar medidas para solucionar un grave problema medioambiental con importantes ramificacións socioeconómicas para os distintos concellos da Mariña lucense; mesmo segundo algunha destas asociacións a propia Consellería ten localizados ata 70 puntos nos ríos da súa competencia con necesidade urxente de limpeza e retirada de maleza e troncos.

No caso do río Eo os problemas de falta de limpeza tamén se reproducen a outra escala, sendo necesarias actuacións de limpeza para mellorar a vida na canle principal e nos seus afluentes.

Por estas razóns o Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Se dirixa o Goberno central e lle solicite a realización dun estudo sobre o estado ambiental do río Eo, así como a adopción das medidas necesarias para proceder á limpeza da súa canle, das marxes e dos afluentes para evitar o deterioro ambiental e o da actividade económica que xera.

2º) Realice unha avaliación ambiental dos ríos Ouro, Landro e Masma, e adopte as medidas necesarias para proceder á limpeza das súas canles, das marxes e dos afluentes que os nutren, para evitar o seu deterioro ambiental e o da actividade económica que xeran.

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/09/2017 11:14:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/09/2017 11:14:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/09/2017 11:14:40

Raúl Fernández Fernández na data 26/09/2017 11:14:51

María Luisa Pierres López na data 26/09/2017 11:15:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2017 11:15:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao comedor de A Cañiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende En Marea entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

A mediados de agosto a Asociación de Nais, Pais e Alumnos de A Cañiza denunciou ante a Xefatura Territorial a existencia de roedores no almacén de víveres do CPI local, pero a Xefatura demorou dunha maneira imprudente a súa actuación. Pasado un tempo, a empresa contratada para levar a cabo a desratización, aplicou un primeiro produto que resultou ser ineficaz contra os ratos. A empresa recorreu entón a un segundo produto máis agresivo. A día 19 de setembro, coas clases xa comezadas, Sanidade aínda non ten decidido se vai permitir abrir o servizo de comedor.

O resultado desta falta absoluta de previsión por parte da Xefatura Territorial son medio millar de alumnos que asisten á clase, por segunda semana consecutiva, sen ter dispoñible o servizo de comedor. Isto obriga aos pais a recorrer a veciños e familiares ou incluso a contratar a alguén para lograr conciliar o seu horario



laboral co coidado dos nenos e nenas. Tamén o horario dos autobuses tivo que ser re-axustado e o alumnado da ESO está tendo menos horas lectivas.

En definitiva, a mala xestión da Xefatura Territorial e a súa inescusable improvisación á hora de abordar un tema tan serio como é o dereito dos alumnos e alumnas a dispoñer dun comedor no que recibir unha alimentación axeitada, foron o desencadéante dun desorde que afecta a gran parte da cidadanía da Cañiza.

Ante esta situación, e de acordo coa demanda feita polo colectivo de estudantes afectados, o grupo Parlamentario de **En Marea** presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Garantir, de xeito inmediato, que todas as nenas e nenos de A Cañiza conten co servizo de comedor
- Elaborar un protocolo de actuación que se active ante diversas incidencias de xeito que se garanta o servizo de comedor.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Luca Chao Pérez na data 26/09/2017 19:20:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2017 19:20:11

Luis Villares Naveira na data 26/09/2017 19:20:28

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ás axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de setembro publicouse no DOG a ORDE do 1 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do sistema universitario de Galicia no curso académico 2017/18.

Dita orde establece unha partida de 200.000€ alén duns estritos requisitos que restrinxen a efectividade da convocatoria, toda vez que establece a necesidade de:

- a) Estar en situación de desemprego na data de publicación da orde
- b) Ter rematados os estudos universitarios que lle dan acceso aos estudos do máster universitario con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.
- c) Estar matriculado/a no curso académico 2017/18 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos.
- d) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia polo menos nos dous últimos anos anteriores á data da publicación desta convocatoria.
- e) Estar inscrito/a como demandante de emprego durante un período igual ou superior a 180 días no ano inmediatamente anterior contado ata o último día de



prazo para a presentación de solicitudes.

f) Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 12 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo (DOG nº 134, do 14 de xullo), polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2017/18.

g) Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

Deste xeito atopámonos con que estas axudas deixan fóra a todos aqueles mozos e mozas que se viron obrigados a emigrar nos últimos anos, alén de a todas as persoas que se titularan en período recente. De feito, se analizamos as causas de denegación das últimas convocatorias realizadas comprobamos que son eses dous dos motivos máis frecuentes para ser rexeitados.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Modificar os requisitos de acceso ás devanditas axudas de xeito que máis persoas podan resultar beneficiarias, e, especialmente, naqueles aspectos que atinxen ao ano de titulación e ao requisito de residencia no país nos últimos anos. Requisitos que se adecúan pouco á realidade social da Galicia de hoxe.
2. Aumentar a partida orzamentaria, ata, como mínimo, 500.000€ de xeito que se poidan multiplicar as axudas concedidas.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea



Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 11:35:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 11:35:33

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 11:35:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa a obras cofinanciadas FEDER en diversas escolas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de setembro publicouse no DOG a resolución do 11 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a formalización de contratos de obras, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixo 04, obxectivo específico 04.03.01.

Resolución que fai públicos os contratos conducentes ás seguintes obras:

- Obra de rehabilitación integral (enerxética e funcional) no CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña)
- Obra de rehabilitación integral (enerxética e funcional) no CPI Virxe do Monte de Cospeito (Lugo)
- Obra de rehabilitación enerxética no CEIP Lagostelle de Guitiriz (Lugo).

Un anuncio que, tendo en conta o calendario, nos lembra aos realizados o curso pasado que tantos problemas causaron nas diferentes comunidades educativas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Garantir que as obras de mellora, acondicionamento e rehabilitación se realicen garantindo a máxima seguridade do alumnado, priorizando que as mesmas se leven a cabo cando nenos e nenas non estean nas escolas.
- Aumentar o orzamento destinado ás partidas de mellora, acondicionamento e rehabilitación de xeito que se recupere o nivel de inversión previo ao 2008 para cubrir as necesidades que os centros acumulan tras tantos anos de recortes.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 10:24:45

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 10:24:53

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 10:25:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**.

O verán pasado choveu un 27% menos que nos anos anteriores e as temperaturas foron máis altas que de costume. Encadeamos así cinco estacións consecutivas con precipitacións por baixo da media, o que se traduce nunha seca preocupante que está causando severos problemas de abastecemento de auga a moitos municipios, sobre todo na provincia de Ourense. Estes problemas acontecen a pesar de que Galicia leva en prealerta dende fai nove meses. Cabe preguntar, polo tanto, que estivo a facer o Goberno da Xunta durante todo este tempo para evitar que a ausencia de choivas causase estragos ás familias e aos negocios nunha maior situación de risco.

Os cambios nos patróns meteorolóxicos que estamos a padecer débense ao cambio climático, que deberíamos estar combatendo con moita maior contundencia e cunha ambiciosa estratexia de futuro. Síntoma do cambio climático son as precipitacións menos frecuentes, pero máis intensas, que se presentaron na nosa comunidade coa forma da “gota fría” causando gravísimos danos ao campo.

As fortes precipitacións sumadas á seca estragaron numerosas colleitas (a recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%) e obrigaron a moitos gandeiros a comezar a utilizar xa o forraxe que estaban a gardar para o inverno, pois non hai pastos suficientes en numerosas zonas de Galicia.



Co motivo da noticia de que a Xunta pensa decretar a alerta por seca en polo menos 6 das 19 cuncas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, pensamos que é o momento de repasar o que se fixo ata o de agora e de pactar as medidas que se deben tomar no futuro.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Constituír unha mesa de diálogo cos actores afectados pola seca para debater propostas que permitan paliar os seus danos e deseñar estratexias que permitan abordar situacións similares nos anos vindeiros.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2017 13:12:55

David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 13:13:09

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 13:13:18



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e por iniciativa dos seus deputados e deputadas, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas, Magdalena Barahona Martín, Francisco Casal Vidal, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.



Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora, de maneira oficial, a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando, desta maneira, a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.



Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Estremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

- a) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á regularización da profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei galega de Profesionalización da Educación Social.
- b) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado á regularización da Profesión da Educación Social a nivel estatal, a través dunha Lei de Profesionalización da Educación Social.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 14:16:56

Carmen Santos Queiruga na data 27/09/2017 14:17:04

Antón Sánchez García na data 27/09/2017 14:17:17

Paula Vázquez Verao na data 27/09/2017 14:17:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 14:17:27

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 14:17:32

Juan José Merlo Lorenzo na data 27/09/2017 14:17:40

Eva Solla Fernández na data 27/09/2017 14:17:43

Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2017 14:17:51



Magdalena Barahona Martín na data 27/09/2017 14:17:56

José Manuel Lago Peñas na data 27/09/2017 14:18:00

Francisco Casal Vidal na data 27/09/2017 14:18:05

David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 14:18:09

Marcos Cal Ogando na data 27/09/2017 14:18:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á redución das ratios por aula.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un clamor habitual no inicio do curso escolar é o da necesidade de reducir as ratios nas aulas. Para a comunidade educativa, como é natural, aulas ategadas de alumnos é sinónimo de peor calidade educativa e, pola contra, aulas con poucas nenas e nenos permite unha atención máis personalizada, maior dedicación por parte dos docentes e, en definitiva, mellores resultados.

Revisando a lexislación vixente referida ao número permitido de alumnado por aula temos que facer referencia ao Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil a educación primaria e a educación secundaria, segundo o cal os centros de segundo de infantil e primaria terán un máximo de 25 alumnos por unidade, 30 en secundaria e 35 en bacharelato. Cifras reiteradas na ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; salvo para o caso de bacharelato que se reducen a 33.

Ratios que aínda que un dos principais decretos-recortes educativos, o Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, preveu ampliar ata nun 10%, o goberno do



Partido Popular afirmou que non subiría. A práctica, sen embargo, demostra que isto non é así, toda vez que para os cálculos das ratios non se ten en conta ao alumnado repetidor sen que exista normativa algunha que avale dita práctica.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Contabilizar o alumnado repetidor para o cálculo das ratios por aula.
- Cumprir coas ratios establecidas legalmente.
- Recuperar a senda de diálogo cos axentes sociais coa fin de poder reducir as ratios nas aulas, comezando polas da educación infantil.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 17:45:14

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 17:45:24



Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 17:45:32

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á restitución das estatuas do Pórtico da Gloria para o patrimonio público

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado xullo o Pazo de Xelmírez acolle unha importantísima exposición sobre a obra do Mestre Mateo. Trátase da segunda parada desta exposición que acolleu un importante éxito de público e crítica na súa exhibición no Museo do Prado dende novembro do pasado ano. Grazas a ela volven a Santiago de Compostela parte das esculturas fundamentais do Pórtico da Gloria, lugar do que nunca tiñan que ter saído.

Dentro da exposición destacan dúas obras, Abraham e Isaac, que tras ser arrancadas do Pórtico da Gloria pasaron por propiedades diversas ata acabar poder do ditador Francisco Franco. A súa historia é, polo tanto, parte da historia do espolio do patrimonio público a mans do franquismo. Así, as mencionadas estatuas foron trasladadas ao pazo do Conde de Ximonde, ata que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago de Compostela e, finalmente acabaron en mans do ditador. Cómpre salientar que a documentación oficial da venda vinculou a mesma a que as esculturas non abandonaran o concello. De tal xeito que as mesmas se manteñen na familia Franco pese a que non existe ningún documento de cesión por parte do Concello de Santiago e malia que a súa cesión sería contraditoria coa venda oficial.

Son numerosas as peticións da sociedade civil para que a familia do ditador restituía para o público o patrimonio espoliado como botín de guerra para que volva a formar parte do patrimonio público e poda ser gozado por toda a



ciudadanía. É hora de que o patrimonio da cidadanía deixe de formar parte da colección privada dos herdeiros da ditadura. Unha cuestión necesaria para a reparación, a xustiza e a recuperación da memoria democrática deste país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Prestar a súa colaboración ao Concello de Santiago de Compostela para poder recuperar as estatuas que obran, ilexítimamente, en man da familia do ditador franquista.
2. Iniciar o procedemento para a declaración BIC das devanditas esculturas.
3. Proceder á catalogación de todos os bens existentes dentro do Pazo de Meirás coa fin de asegurar a súa protección legal.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 18:28:33

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 18:28:41

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 18:28:50

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Magdalena Barahona Martín, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A loita polo dereito ao aborto e o dereito a decidir sobre os nosos propios corpos é unha reivindicación constante e central por parte do movemento feminista no noso País.

Aínda que en materia de sexualidade e no exercicio da libre maternidade déronse algúns avances lexislativos, tamén é certo que, nos últimos anos, atopámonos cunha serie de recortes nestes dereitos, tanto pola falta de desenvolvemento e incumprimento do que recollen as nosas leis, como por ataques aos mencionados dereitos. Por iso, podemos afirmar que o dereito a decidir das mulleres aínda está por conquistar no noso País.

Precisamos que se respecte unha maternidade libremente elixida e que reciba os coidados médicos e servizos sociais necesarios, incluíndo o dereito ao exercicio da autonomía durante todo o proceso, tanto si se opta por continuar co embarazo, como si se opta por interrompelo. Por iso, as políticas orientadas a que as mulleres poidan acceder en igualdade de condicións a un aborto legal, seguro e



oportuno, constitúen a base fundamental para o exercicio dunha maternidade segura, evitando calquera risco para a vida e a saúde das mulleres.

A OMS sinalou en 2016 que, para evitar a mortalidade materna a todas as mulleres, é necesario que poidan acceder a servizos que realicen abortos seguros e a unha atención de calidade tras o aborto. Así mesmo, establece que o aborto inseguro é unha das principais causas de mortes maternas.

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, estendeu a capacidade de outorgar o consentimento para a interrupción voluntaria do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos, equiparándoas ao réxime xeral aplicable a mulleres maiores de idade establecido no Código Civil, establecendo que, neses casos, cando menos un dos proxenitores da menor debía ser informado da decisión da muller, exceptuando dita obrigaón de información unicamente naqueles casos nos que a muller xustificase que isto lle provocaría un "conflito grave, manifestado no perigo certo de violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, malos tratos ou se produza unha situación de desarraigo ou desamparo".

A Lei Orgánica 11/2015, do 21 de Setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo, suprimiu a posibilidade de que as menores de idade puideran prestar o consentimento soas, esixindo que para a interrupción voluntaria do embarazo das menores de idade é preciso, ademais da manifestación da súa vontade, o consentimento expreso dos titulares da patria potestade, remitíndose expresamente ao réxime establecido con carácter xeral no Código Xeral para solventar calquera tipo de conflito que puidese xurdir ao prestar o consentimento para os representantes legais ou cando a decisión destes puidese pór en perigo o interese superior da menor.

En consonancia co anterior, modificouse tamén a Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, no que se refire aos límites do consentimento informado.

O PP xustificou a reforma nas obrigas de protección e coidado da menor que o exercicio da patria potestade impón aos proxenitores, en particular, ós deberes que o Código Civil imponlles de " velar por ellos, tenerlos en su compañía, alimentarlos, educarlos y procurarles una formación integral" e "educar al menor y procurarle una formación integral", alegando na exposición de motivos da Lei que "la modificación contemplada en la Ley Orgánica 2/2010 impide a los progenitores y tutores cumplir con la obligación recogida en el Código Civil, privando a las menores de la protección que el mismo texto legislativo reconoce, de poder contar, en un momento crucial y complicado de su vida, con la asistencia de quienes ejercen su patria potestad."

Nós entendemos que esta reforma non responde ao exercicio de protección das nenas e adolescentes, senón que máis ben é unha reforma cun claro sesgo machista e que vai directamente contra o desenvolvemento e protección dos dereitos fundamentais das mulleres, recollidos e amparados por diversos organismos como o Consello de Europa, ONU, Parlamento Europeo, e lexislacións incluso do Estado Español, onde queda recollida con claridade a intención de eliminar todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

Os datos sobre a porcentaxe de nenas e adolescentes que realizan interrupcións voluntarias do embarazo foron descendendo nos últimos anos, o que amosa dun



xeito claro os obstáculos que se puxeron coa última reforma do goberno do Partido popular.

Para garantir o acceso das mulleres á prestación sanitaria da Interrupción Voluntaria do Embarazo é necesario introducir reformas legislativas na mencionada lei, pero ademais é preciso que se poñan medidas no ámbito sanitario, dirixidas a que estes procesos se leven cada vez en maior medida na sanidade pública, e se destinen recursos á formación dos profesionais que prestan dita asistencia.

En Galicia seguen realizándose estas interrupcións nunha porcentaxe elevada en clínicas privadas. Ademais, a cifra de obxectores de conciencia segue sendo preocupante e pode limitar nalgunhas ocasións o dereitos das mulleres.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1) Trasladar ao Goberno do Estado para que inicie os trámites precisos para derrogar a Lei Orgánica 11/2015, de 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo; modificar a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica para estender a capacidade de outorgar o consentimento para a interrupción voluntaria do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos, equiparándoas ao réxime xeral aplicable ás mulleres maiores de idade establecido no Código Civil e, por tanto,



deixando tamén nas súas mans a decisión de comunicalo ou non aos seus proxenitores.

2) Iniciar os procedementos necesarios para asegurar que a práctica da obxección de conciencia non supoña, en ningún caso, unha barreira para a prestación pública das Interrupcións Voluntarias do Embarazo, nin para o correcto acceso das mulleres a dita prestación.

3) Implantar un programa de formación obrigatorio, que inclúa formación en xénero, para as e os profesionais que vaian a estar implicadas na realización de Interrupcións Voluntarias do Embarazo en centros sanitarios públicos.

4) Pór en marcha de inmediato medidas para cumprir coa iniciativa aprobada o 23 de novembro no Parlamento de Galicia para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública e os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do rural; onde se acordaba o seguinte:

- Non recorrer a sentenza xudicial que condena por negligencia o SERGAS no caso concreto da muller mariñá que perdeu o útero e asumir, como xa fixo publicamente o propio Presidente, as consecuencias da súa actuación negligente.
- Crear dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos” -recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. De



ser necesario que o SERGAS convoque prazas nas que se estableza como requirimento que non se declare obxección de conciencia.

- Fornecer ás mulleres da atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.
- Dotar ós Concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centros de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Magdalena Barahona Martín

Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputadas, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/09/2017 10:36:55

Magdalena Barahona Martín na data 28/09/2017 10:37:04

Paula Vázquez Verao na data 28/09/2017 10:37:13

Eva Solla Fernández na data 28/09/2017 10:37:24

Marcos Cal Ogando na data 28/09/2017 10:37:31

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 10:37:40

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A violencia de xénero é un problema de Estado e como tal, para lograr a súa erradicación, precísase dun gran **PACTO DE ESTADO**. Para ese efecto, o PSOE ao longo destes últimos anos veu reclamando xunto á sociedade civil e as organizacións de mulleres, un acordo social, político e institucional contra a violencia que se exerce cara ás mulleres e as súas fillas e fillos.

Garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, súas fillas/os, é un obxectivo prioritario para o Grupo Parlamentario Socialista, na confianza que tamén o debe ser para o conxunto dos grupos que conforman este Parlamento.

Unha sociedade non pode denominarse democrática se non garante a seguridade e a liberdade de máis do 50 % da súa poboación. E nesta responsabilidade os concellos, como institución máis próxima á cidadanía, teñen un compromiso ineludible.

O 28 de xullo de 2017, aprobáronse nas respectivas comisións parlamentarias de Igualdade, tanto no Congreso como no Senado, os documentos que recollían as propostas que ambas as Cámaras acordaron por unanimidade no Senado e por maioría no Congreso, para a elaboración dun Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

É importante indicar que as propostas destes documentos non recollen na súa integridade todas as iniciativas neste caso presentadas polo Grupo Socialista, senón que no pacto figuran aquelas que foron aceptadas por todos os grupos parlamentarios.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que estes acordos son necesarios, pero non suficientes e, por iso, seguiremos reivindicando máis

Grupo Parlamentario

avances nesta materia a través de distintas iniciativas tanto desde as Cortes Xerais, como desde os parlamentos autonómicos e os concellos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado:

- 1.- Que se acurten os prazos establecidos, dado que o pacto de estado contra a violencia de xénero significa loitar contra un gravísimo asunto que afecta á seguridade das mulleres como cidadás.
- 2.- Que poña en funcionamento as medidas adoptadas no pacto de estado contra a violencia de xénero, especialmente aquelas medidas que teñen que ver coas entidades locais e o papel que lles corresponde no ámbito da atención e protección das mulleres vítimas, as súas fillas e fillos.
- 3.- Que de maneira urxente active e traslade as partidas orzamentarias acordadas para a execución dos acordos do pacto, ao conxunto das administracións implicadas: comunidades e cidades autónomas, deputacións provinciais, cabidos insulares e concellos.
- 4.- Dar traslado desta proposición e a súa aprobación ao presidente do Goberno, á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como ao conxunto de ministerios implicados.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 11:01:04

María Dolores Toja Suárez na data 28/09/2017 11:01:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 11:01:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/09/2017 11:01:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 11:01:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2017 11:01:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o uso da lingua galega na etiquetaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega organizou as xornadas ‘Etiqueta na túa lingua, camiña polo mundo con identidade’ o 26 de setembro de 2016 arredor da etiquetaxe comercial en lingua galega. Entre as ponencias, nas que estivo presente o Secretario Xeral de Igualdade, Valentín García, subliñáronse as dificultades normativas existentes na actualidade para etiquetar produtos en galego.

Neste senso, nos últimos anos o Goberno español vén aprobando normas que imponen o castelán na etiquetaxe mais tamén da información relativa aos produtos. Por exemplo, o Real Decreto Lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, que obriga a redactar en castelán a ficha técnica, os prospectos e a etiquetaxe dos medicamentos, sen referencia algunha a calquera outra lingua, tampouco a galega. De facto, ese decreto prevé como infracción grave non etiquetar en español con sancións de entre 30 mil e 90 mil euros.

Noutros casos, a norma obriga a etiquetar “polo menos” en castelán. É o caso do Real Decreto 126/2015, do 27 de setembro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

consumidor final e as colectividades, dos envasados nos lugares de venda a petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio ao por menor.

O decreto fixa como excepción aqueles produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito “dunha comunidade autónoma con lingua oficial propia”. De novo, o incumprimento da norma prevé unha infracción punida con até 4 mil euros.

Cómpre lembrar que o Parlamento de Galiza aprobou no ano 2013 unha Proposición non de lei na que instaba a Xunta a promocionar os produtos etiquetados e comercializados en lingua galega así como establecer medidas de apoio para promover a etiquetaxe e a distribución de produtos agroalimentares en lingua galega e adoptar as medidas necesarias para darlles efectividade ás accións contidas na área de comercio do Plan de Normalización Lingüística.

Así mesmo, o Goberno galego aprobou, no ano 2016, o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Neste documento inclúese como obxectivo precisamente o contido dese acordo, incluíndo campañas de promoción do galego na etiquetaxe de produtos, principalmente naqueles de maior consumo, de proximidade e de calidade.

Porén, independentemente da opinión que poida merecer a actuación que está a levar a cabo a Xunta de Galiza, é evidente que a lexislación española supón un prexuízo, unha pexa, un impedimento para o respecto e garantía dos dereitos lingüísticos do pobo galego. Así o expresaban nas devanditas xornadas profesionais da comunicación e responsábeis empresariais que salientaron os “obstáculos legais” para poder etiquetar en galego, denunciando mesmo a “desoficialización” da lingua propia de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reclamar perante o Goberno español a derogación das normas que actualmente impoñen o castelán na etiquetaxe dos produtos.
2. Adoptar as medidas necesarias para promover a etiquetaxe en galego, tamén as incluídas aquelas recollidas no Plan Xeral de Normalización Lingüística.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:11:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:11:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:11:40

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:11:44

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:11:46

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:11:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresaen a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribucións propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *“cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores”*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a retirar o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza, aprobado no Consello da Xunta celebrado o 28 de xullo de 2017.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17698
Data envío: 28/09/2017 11:33:09.281

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2017 18:30:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/09/2017 18:31:04

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2017 18:31:05

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2017 18:31:07

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2017 18:31:08

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2017 18:32:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a torre de Caldaloba en Cospeito e o seu risco de derrube.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A torre de Caldaloba, en Cospeito, está moi estragada, ten unha deterioración importante. Está catalogada como monumento nacional, foi a derradeira fortaleza en renderse aos Reis Católicos, e na súa contorna podería haber restos arqueolóxicos importantes. Malia todo isto, arestora corre risco de derrubarse, así que os veciños piden que se actúe no lugar para impedi-lo”.

Así recollía a TVG nos seus informativos a situación que atinxe a torre de Caldaloba situada no Concello de Cospeito. “A chuvia, a xeadas e o paso do tempo foron deteriorando unha construción que, segundo os expertos, ten un importante valor histórico. As placas metálicas que se colocaron para evitar que se filtrase auga viñeron abaixo e a estrutura interna tamén se atopa en moi mal estado. Por iso, reclaman que se actúe de xeito inmediato para evitar que caia”, continúa a información.

Neste senso, desde a alcaldía de Cospeito aseguraron, en xuntanza con representantes veciñais na defensa e posta en valor desde inmóbel, que procurarían a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vontade da persoa propietaria de Caldaloba para que cedese ou doase o inmóbel así como axuda á Dirección Xeral de Patrimonio para salvagardar e protexer a torre.

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación da torre Caldaloba en Cospeito así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:46
Nº Rexistro: 17704
Data envío: 28/09/2017 11:46:09.583

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:43:33

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:43:38

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:43:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:43:43

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:43:47

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:43:50

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Lei 7/1085, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local establece que as comunidades autónomas poden, previa audiencia da Administración do Estado e dos concellos e deputacións afectados crear, mediante lei, áreas metropolitanas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.

O 21 de decembro de 2015 desenvolveuse unha reunión dos alcaldes e alcaldesa dos Concellos de A Coruña e dos concellos que conforman a aglomeración urbana ao redor do Concello da Coruña (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada) co fin de formular os obxectivos comúns que se pretenden acadar.

O 7 de xaneiro de 2016, desenvolveuse outra xuntanza na que se constituíron cinco mesas de traballo sobre temáticas comúns: biodiversidade; urbanismo; transporte e mobilidade; xestión de residuos e xestión da auga.

O 20 de outubro de 2016 os alcaldes e a alcaldesa dos concellos da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada asinaron a “Declaración de María Pita”, como manifestación institucional e compromiso das distintas corporacións asinantes (e aquelas que se adhiran posteriormente se é a súa vontade) para impulsar a creación da Área Metropolitana da Coruña (AMAC).



Grupo Parlamentario

Neste intre, está pendente a aprobación desta declaración nalgúns dos plenos dos concellos asinantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que impulse a creación da Área Metropolitana da Coruña e dote unha partida orzamentaria cunha contía suficiente nos orzamentos de 2018 para contribuír á constitución e á posta en funcionamento da dita área.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 16:28:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/09/2017 16:28:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/09/2017 16:28:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 16:29:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2017 16:29:23

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª**; relativa a necesaria renovación das plantillas de Navantia Ferrol e Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do Grupo Parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A



día de hoxe a situación segue a ser a mesma, e non se adoptaron as medidas necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Os últimos balances contables de Navantia arrojan datos económicos negativos, con perdas en 2015 que roldan os 168 millóns de euros e en 2016 de 230 M€.

Estas dificultades económicas non se deben só á falta de carga de traballo, a empresa non ten capacidade para dar resposta aos contratos asinados, ao carecer de capacidade de xestión, tanto no financeiro como no laboral.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao Goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia. Por contra cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando non ter competencias.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses, e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción do Goberno do Estado e a indiferenza do



Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incompreensible tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.

Tamén é incompreensible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

A ignorancia curase lendo, e se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional, verían que por exemplo os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e Fene, como son os barcos de asalto anfíbio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operabilidade e prestacións no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

Vimos de coñecer nas últimas semanas que aínda que non se desvelan os elementos principais do Plan Industrial, si se filtra a noticia de que o plan industrial de Navantia implicará a saída de 570 traballadores en Ferrol.

Como en anteriores ocasións parece que a medida estrela para os responsables da SEPI e do Ministerio de Industria é o desmantelamento profesional dos estaleiros.

Para evitalo habería que presentar en paralelo as estratexias de contratación de novo persoal adaptado ás novas tecnoloxías que deberán ser implantadas no Estaleiro 4.0. E facelo coa marxe de tempo suficiente para posibilitar a



transferencia de coñecemento profesional e tecnolóxico dos técnicos e profesionais máis veteranos, chamados a abandonar a actividade por xubilación nos próximos anos, ás novas e novos enxeñeiros e técnicas e técnicos de todo tipo.

Tendo en conta que máis do 70% do persoal ten máis de 50 anos, non planificar este solapamento entre incorporacións e saídas sería unha grave irresponsabilidade e unha dilapidación de coñecemento inadmisíble.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir para garantir como mínimo o mantemento dos postos de traballo nas factorías de Navantia en Fene e Ferrol.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Exixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo similar.
- 2.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/09/2017 18:18:40

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 18:18:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sistema Minerva é un sistema xudicial de xestión procesual de expedientes xudiciais, é un programa interno ao que só teñen acceso os profesionais da xustiza previa acreditación con clave.

No mes de agosto xusto despois dos problemas ocorridos co sistema de comunicacións Lexnet, produciuse unha nova fenda de seguridade neste sistema que foi especialmente grave, pois permitía ver e modificar calquera causa aberta por calquera persoa usuaria sen ningún tipo de privilexio.

O Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia acordaron nun primeiro momento reinstalar a versión anterior do programa Minerva, na que non se podía modificar ningún tipo de documento. Esta medida segue vixente ata que o Goberno corrixa os erros da versión actual.

A idea da creación dun expediente xudicial único cun programa de xestión novo sen fendas, no que se aprenda dos erros comprobados nos programas existentes, co incentivo da busca dos mesmos e das fendas de seguridade polos profesionais das novas tecnoloxías, informáticos e expertos en ciberseguridade, e coa



coordinación entrementes dos programas de xestión usados polos diferentes operadores, dotaría a Galicia dun sistema completo e seguro no ámbito xudicial.

Tamén ca elaboración dun protocolo de seguridade para casos de emerxencia, nos que as operadoras xurídicas poidan desenvolver o seu traballo con normalidade e con seguridade, recorrendo á versión en papel cando sexa preciso ou ben con outros sistemas electrónicos específicos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha aplicación informática que aprenda dos erros anteriores e que permita o traballo dos diferentes operadores xurídicos e a implantación do expediente xudicial electrónico así como o papel cero no ámbito xudicial.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/09/2017 18:19:48

Paula Vázquez Verao na data 28/09/2017 18:19:53

Paula Quinteiro Araújo na data 28/09/2017 18:19:57

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 18:20:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O gasto en Xustiza gratuíta sufriu unha rebaixa do 5,7% nos importes do 2016 en Galicia, mentres que medrou no resto do Estado un 5,2%.

Segundo o Informe do Observatorio de Xustiza Gratuíta, no XI Informe, desde o 2011 en todo o Estado e nas CCAA houbo entre un 20% e un 40% menos de inversión no ámbito da xustiza gratuíta.

Galicia reduciu máis de medio millón de euros os importes dedicados a sufragar a xustiza gratuíta pasando de 9.997.739 millóns de euros no ano 2015 a 9.4 millóns no ano 2016, mentres que no 2011 se dedicaban 1,8 millóns de euros máis a esta fin.

Isto prexudica ao dereito á tutela xudicial efectiva e ao dereito á asistencia letrada que poda corresponderlle á cidadanía na defensa dos seus intereses e dereitos lexítimos, sen que poida producirse indefensión segundo o recollido no artigo 24 da Carta Magna.

Nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do ordenamento xurídico a liberdade, o pluralismo político, a xustiza, e a igualdade, minorar os recursos dedicados á xustiza gratuíta significa abanear



os cimentos mesmos do Estado social. Se non se garante a xustiza, o acceso a ela, e a gratuidade da mesma, colócase á cidadanía nunha posición de inferioridade respecto daquela parte da sociedade que si posúe recursos para facelo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aumentar a contía dedicada a xustiza gratuíta en Galicia ata acadar polo menos o importe destinado á mesma no ano 2010, e que permita atender as necesidades reais da nosa Comunidade.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 18:22:56

Carmen Santos Queiruga na data 28/09/2017 18:23:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ás accións necesarias para desbloquear a situación que impide o inicio das negociacións entre a parte social e a empresa para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia Ferrol-Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016 os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do Grupo Parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Os últimos balances contables de Navantia arrojan datos económicos negativos, con perdas en 2015 que roldan os 168 millóns de euros e en 2016 de 230 M€.

Estas dificultades económicas non se deben só á falta de carga de traballo, a empresa non ten capacidade para dar resposta aos contratos asinados ao carecer de capacidade de xestión, tanto no financeiro como no laboral.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva; nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao Goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia. Pola contra, cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando que non ter competencias.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado. A ignorancia curase lendo, e se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional verían que, por exemplo, os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e



Fene como son os barcos de asalto anfíbio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operabilidade e prestación no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses, e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción do Goberno do Estado e a indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incompreensible tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A día de hoxe a situación segue a ser a mesma, e non se adoptaron as medidas necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Vimos de coñecer que o maior obstáculo para o inicio das negociacións entre a parte social e a empresa vén motivado polo incumprimento por parte da empresa dunha das esixencias da aplicación do terceiro convenio colectivo.

O cuarto convenio, que suprimía diversos incentivos ao persoal, foi anulado polo Tribunal Supremo dando plena vixencia ao terceiro convenio asinado.

A nova dirección de Navantia cumpriu a maioría das obrigacións que este terceiro convenio lle exixía, pero hai uns pagos recoñecidos no devandito convenio por importe total de 3 M€ que a dirección non pode executar debido a



que o Ministerio de Facenda non permite incrementar as partidas destinadas a pagos ao persoal.

Resulta totalmente incomprendible que a posta en marcha do Plan Industrial, que podería garantir o futuro dos estaleiros, estea bloqueado por esta decisión incomprendible do Ministerio de Facenda xa que o pago é de obrigado cumprimento pola sentenza do Supremo xa mencionada. Está a pórse en risco a economía da comarca de Ferrolterra por 3 M€ o que resulta aínda máis asombroso tendo en conta que a empresa perde case 1 M€ diarios pola non posta en marcha do Plan Industrial.

Ante todo o exposto consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir ante o Ministerio de Facenda para resolver a situación descrita na exposición de motivos.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Ministerio de Facenda do Goberno de España que autorice a Navantia a realizar o pago dos 3 M€ debidos ao persoal e, deste xeito, cumprir cos dereitos recoñecidos polo Convenio Colectivo en vigor.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/09/2017 18:59:15

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 18:59:34

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos:

O dereito ao disfrute dunha vivenda digna e adecuada é recoñecido no artigo 47 da Constitución Española e no ámbito da Comunidade autónoma no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 8/2012 de Vivenda de Galicia.

As vivendas de promoción pública son un importante instrumento para dar cumprimento dese dereito, tendo esta consideración como vivenda de promoción pública todas aquelas vivendas que, cumprindo os requisitos normativamente establecidos, promova ou cualifique o Instituto Galego de Vivenda e Solo, debendo destinarse a domicilio habitual e permanente das persoas beneficiarias e sendo adxudicados segundo o procedemento establecido a tal efecto.

Dentro destas vivendas encóntranse as vivendas de promoción pública concertadas, entendéndose por tales as que sexan cualificadas polo IGVS, sexan promovidos por un promotor público distinto o IGVS ou por un promotor privado co obxecto de adxudicalas entre as persoas inscritas no Rexistro único de Demandantes de Vivendas en Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar a vivenda pública concertada que permita a promoción de vivenda pública coa participación dos concellos e doutros promotores públicos ou privados”.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Pedro Puy Fraga na data 29/09/2017 10:58:22

Jaime Castiñeira Broz na data 29/09/2017 10:58:39

Martín Fernández Prado na data 29/09/2017 10:58:49

Jacobo Moreira Ferro na data 29/09/2017 10:59:20

Diego Calvo Pouso na data 29/09/2017 10:59:34

Marta Novoa Iglesias na data 29/09/2017 10:59:45

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/09/2017 11:00:10

Gonzalo Trenor López na data 29/09/2017 11:00:41

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/09/2017 11:00:54

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Os veciños e veciñas da contorna da estación de autobuses de Ourense, a través da Asociación de Veciños “As Termas”, amosaron en numerosas ocasións a súa preocupación a medida que avanza o proxecto de traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE, polo destino do futuro do solar no que se sitúa na actualidade esta infraestrutura.

Na zona da estación de autobuses residen preto de 1.000 persoas, nos bloques de vivendas sociais situadas ao lado da estación, que se verán afectadas de xeito directo polos usos urbanísticos que se prevén para o desenvolvemento da zona.

Antes da construción no seu día da actual estación de autobuses de Ourense, procedeuse á sinatura dun contrato de cesión do solar por parte do promotor das vivendas sociais da zona ao Concello de Ourense establecendo como uso para o solar precisamente o de ser a central de conexión de liñas de autobuses que ata o de agora coñecemos, xestionado na actualidade pola Xunta de Galicia.

No novo PXOU, a zona actualmente ocupada pola estación de autobuses, recóllese como Zona Verde / Espazo Libre, polo cal permitiría sen ter que executar ningún tipo de modificación urbanística ou de uso, a execución dun proxecto redactado a efectos de construír un parque público para uso e desfrute dos veciños da zona, que sexa complementario aos existentes na zona (Parque do Peco e Traseiras do Centro Cívico da Ponche, Parque de San Rosendo, Parque de Xesús Pousa, etc.) e que poida estar dotado de

Grupo Parlamentario

zonas novidosas e de espaxemento para a veciñanza do barrio, e por extensión de toda a cidade.

No Pleno do Concello de Ourense celebrado o 3 de xuño de 2016, acordouse por unanimidade unha moción do Grupo Socialista no que se “instaba ao Goberno municipal a que proceda a solicitar á maior brevidade posible informes técnicos e xurídicos necesarios para a revisión e redacción dun novo contrato de cesión coa persoa ou entidade xurídica que represente os dereitos de cesión sobre os terreos anteriormente sinalados, co fin de que, unha vez trasladada a actual estación de autobuses, se poida materializar unha nova cesión para a construción dun parque público nese contorna. Así como no que se “instaba ao Goberno municipal a que consensuara cos grupos municipais representados na corporación, técnicos, e funcionarios da Concellería de Medio Ambiente, e representantes veciñais do Barrio do Pino, ideas e propostas co fin de encargar un proxecto integral e adaptado ás necesidades da zona, para a construción do novo parque público non barrio”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as tramitacións necesarias para que se poida materializar unha nova cesión para a construción dun parque público nos terreos nos que na actualidade se sitúa a estación de autobuses de Ourense, cando se produza o traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE.

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/09/2017 17:08:15

Raúl Fernández Fernández na data 28/09/2017 17:08:23

María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 17:08:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 17:08:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2017 17:08:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O problema da falta de produtividade marisqueira na ría de Arousa, particularmente na zona dos Lombos do Ulla, aínda que tamén no Bohido e Cabío, ten sido obxecto de debate parlamentario nesta lexislatura, coa presentación de diversas iniciativas que pretenderon chamar a atención sobre este déficit de produtividade e as posibles medidas a levar a cabo. A pesar de que todas elas foron sistematicamente rexeitadas, ben polo Goberno galego nos debates de control ou ben polo Grupo Popular nas iniciativas de impulso, a realidade é que a produción desta ría cae progresivamente ano a ano e as persoas traballadoras do sector están especialmente preocupadas polo futuro do traballo. Os permisos de explotación teñen caído máis dun 40 % en Galicia dende o ano 2009, e a maioría destas perdas déronse respecto da ría de Arousa.

Recentemente, a Consellería do Mar notificou ás confrarías os resultados das investigacións realizadas que reafirman a perda de produtividade. Existen numerosas posibles explicacións, que afectan e inclúen a cuestións dende o furtivismo ata a ausencia de plans de rexeneración.

É preciso realizar tarefas proactivas sobre o nivel de produtividade, e a partir de aí poder desenvolver medidas concretas que poidan contribuír a mellorar o escenario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo completo, coa participación das confrarías na súa formulación, que analice

Grupo Parlamentario

de maneira eficiente e con especial atención, as causas da perda de produtividade e non só a constatación desta, de maneira que se poida coñecer con certeza as causas dos problemas para saber cales son as medidas de solución.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
M^a Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/09/2017 17:23:10

María Dolores Toja Suárez na data 29/09/2017 17:23:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2017 17:23:22



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á precisa priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas, de maneira que, cando xurda un risco, se dará prioridade ao uso de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático.

Se un circula polas estradas de Galicia, observa fumigacións indiscriminadas, aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida sobre quilómetros e quilómetros das redes de vías férreas e estradas estatal, autonómica e provinciais. E non sabemos si tales fumigacións foron realizadas con produtos autorizados pola lexislación vixente e se foron coñecidas e autorizadas pola Xunta de Galicia.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas).

Din que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o

Grupo Parlamentario

glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que ata varios concellos en Galicia teñen aprobado no seu Pleno a decisión de deixar de usar glifosato; así, Ames, Pontearreas, Marín, Poio, Arzúa ou Nigrán.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que abandone de xeito inmediato o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e os substitúa por métodos alternativos non contaminantes nin que danen a saúde e o medio ambiente.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/09/2017 17:28:00

Raúl Fernández Fernández na data 29/09/2017 17:28:07

María Luisa Pierres López na data 29/09/2017 17:28:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2017 17:28:17

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre a necesidade de convocar un novo proceso das cualificacións profesionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No DOG do pasado 19 de xaneiro, saíu publicada a orde de 30/12/2016 que convoca o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia profesional.

Na argumentación do comunicado de solicitude de avaliadores para este proceso da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do pasado 10 de xaneiro, cítase a Proposición non de lei, presentada pola CIG a distintos grupos parlamentares e debatida neste Parlamento en xaneiro do ano 2016 onde se instaba ao goberno galego a proceder a acreditación profesional dos traballadores do dispositivo.

A cualificación profesional á que se opta é (70 prazas) :

Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural SEAD 595_2" e esta dividido nas seguintes Unidades de Competencia:



1. UC1964_2: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar á poboación.
2. UC0272_2: Asistir como primeiro intervinente en caso de accidente ou situación de emerxencia.
3. UC1966_2: Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural.
4. UC1965_2: Executar operacións de extinción de incendios forestais.

Dende En Marea, solicitamos da administración que convoque á maior brevidade un novo procedemento de recoñecemento das competencias profesionais por dúas razóns fundamentais:

A primeira, a importantísima demanda que se produciu coa primeira convocatoria -neste ano 2017-, onde se superaron con moito as cincocentas solicitudes no proceso onde ao noso entender non se lle deu a suficiente difusión.

A segunda razón é que se debe facilitar o proceso de certificación profesional a todo o persoal do SPDCIF, así como unha formación axeitada as súas competencias laborais.

A maiores, instamos á Xunta a dar a formación necesaria e esixida por lei ás traballadoras e traballadores do SPDCIF, sobre todo no referente ás U.C. 1966_2 e 0272_ 2, U.C completamente regradas a nivel formativo a día de hoxe e imprescindíbeis para o desenrolo da profesión.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.^a



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a convocar as cualificacións profesionais que abarque a todo o dispositivo do SPDCIF (2000 prazas), tal e como se fixo noutras comunidades do Estado.

Santiago de Compostela a 29 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 10:22:06

Paula Quinteiro Araújo na data 02/10/2017 10:22:16

Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 10:22:30

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En Lourizán, a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia de Pontevedra, pero tamén de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo e Vilaboia. Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas. Tanto é así que, dende finais de 2014, unha parte moi importante dos bancos marisqueiros adscritos ao pósito de Raxó xa foran declarados zona C.

En xullo de 2016, o director de Augas de Galicia reunírase con concelleiros de Poio e co entón alcalde de Sanxenxo para reafirmar o seu compromiso coa construción da futura depuradora de Poio. De novo, unha mágoa de reunión, posto que só servira para “botar as culpas” ao Concello de Poio, pedíndolle celeridade na decisión do emprazamento; iso si, nada se dixera da negativa do Concello de Sanxenxo para acoller esta instalación no seu terreo.

Polo visto, existen tres situacións viables técnica e economicamente, unha no termo municipal de Sanxenxo e dúas no de Poio, que, dicía hai un ano o director de Augas de Galicia, terá que elixir unha coa máxima celeridade posible. Estamos case a finais de 2017 e seguimos á espera da EDAR de Poio e do saneamento da ría de Pontevedra.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que execute o Plan de saneamento de Galicia, cumprindo así o establecido na Directiva 1991/271 e no Real decreto lei 11/1995, en relación á EDAR de Poio.

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2017 10:39:55

Raúl Fernández Fernández na data 02/10/2017 10:40:01

María Luisa Pierres López na data 02/10/2017 10:40:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2017 10:40:13

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, sobre o reforzo da atención sanitaria no Courel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este verán de 2017, as prazas dos médicos de familia e de dúas enfermeiras dos centros de saúde de Folgoso do Courel non foron substituídas na súa totalidade durante as vacacións do persoal titular, co cal, en xullo e agosto só quedou un médico e unha praza de enfermeiría para os dous centros de saúde do municipio.

Deste xeito, os dous profesionais, médico e enfermeira, deberon repartir o traballo entre os dous centros de saúde existentes en Folgoso do Courel, estando 3 horas en cada un dos centros, entre os cales hai 12,6 km. Ademais, cando hai urxencias ou visitas a domicilio, os centros de saúde quedan sen persoal.

A falta de substitución das vacacións do persoal de Atención Primaria é unha constante na Sanidade Pública do noso País. Tamén é constante a oferta de contratos temporais ás profesionais do SERGAS, condenando a zonas como o Courel á falta de cobertura de prazas.

No DOG nº 42, do mércores, 1 de marzo de 2017, na Resolución do 10 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino



definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, publícase unha praza de médico de familia con destino definitivo no Concello de Folgoso do Courel indicando como centro de saúde Seoane-Folgoso do Courel, con guión, como se fora o mesmo centro de saúde.

Neste municipio, ademais, xa non hai gardas nocturnas, sendo o centro sanitario de referencia para a poboación de Folgoso do Courel o PAC de Quiroga, a 15 km de distancia de Folgoso e a 25 km de Seoane, tardándose, no caso dalgúns lugares do municipio, máis dunha hora en chegar a dito PAC. Ademais, no traxecto dende O Courel ata o PAC de referencia, tense feito o traslado en ambulancia non medicalizada en situacións graves e téñense producido transbordos de pacientes no Alto do Boi.

Por outra parte, non se dotou ao Concello con desfibriladores, a pesares de terse acordado por unanimidade no Pleno da Corporación do 15 de decembro de 2017 a petición de tres desfibriladores á Xunta.

Neste Concello non hai servizo de pediatría ningún día á semana, tendo que desprazarse os e as nenas ao Centro de Saúde de Quiroga, onde só hai servizo de pediatría dous días á semana, de mañá.

Folgoso do Courel ten unha poboación de 1.060 habitantes (ano 2016) e cun índice de avellentamento dos máis elevados de Galicia (921,05), tendo 35 persoas en idade pediátrica. Conta con dous centros de saúde, situados nos lugares de Folgoso (cunha praza de medicina de familia, unha de enfermeiría e unha de persoal administrativo) e Seoane (co mesmo persoal). En total, segundo o SERGAS, ambos centros teñen 820 persoas aseguradas adscritas. Ademais, hai que ter en conta que a poboación do municipio aumenta durante o verán, dado a



afluencia de turistas e o retorno de persoas do Courel que viven fóra habitualmente.

A cidadanía de Folgoso do Courel ten unha sensación de illamento sociosanitario, pois á falta de cobertura de baixas e permisos dos e das profesionais nos centros de saúde, únese o escaso mantemento das estradas, as distancias e tardanza en chegar ao PAC de referencia e a situación de desabastecemento de medicinas no municipio que se produciu no ano 2016. Esta sensación provoca que mesmo xente maior con patoloxías estea pensando en marchar do Concello a outras zonas con máis servizos.

Tendo en conta as súas características, as zonas de montaña precisan políticas de “discriminación positiva” para garantir os servizos públicos, potenciando así que a cidadanía destes territorios poida vivir e traballar con dignidade, cos mesmos dereitos que o resto da poboación.

A poboación de Folgoso do Courel está neste momento mobilizada por uns servizos sociosanitarios dignos no Courel.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a substitución das baixas, vacacións e permisos do persoal sanitario dos centros de saúde de Folgoso do Courel.
2. Manter o funcionamento regular, coas profesionais suficientes, de ambos os centros de saúde do Concello de Folgoso do Courel: o Centro de Saúde de Seoane e o Centro de Saúde de Folgoso.



3. Garantir que ningunha aldea do Courel exceda os tempos de intervención nas urxencias sanitarias.
4. Deseñar un plan para ampliar a cobertura da atención pediátrica nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.
5. Dotar ao Concello de Folgoso de Courel de tres desfibriladores externos.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/10/2017 11:07:09

Eva Solla Fernández na data 02/10/2017 11:07:17



GRUPO PARLAMENTAR

Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 11:07:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa “Maderas Iglesias S.A. que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Mais na actualidade o seu cadro de persoal é de 253 traballadoras/es fixos sendo a súa maioría emprego feminino.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Precurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consellos, derivando nunha diferenza abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, “que pagaría cando el o estimase oportuno”. Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Até o día de hoxe as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel, temendo o conxunto dos traballadores/as que a empresa está chegando ao fin da súa actividade, polo que se decidiu iniciar unha campaña de mobilizacións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta continuidade de vulneración dos dereitos dos traballadores/as, da destrución de emprego, basicamente emprego feminino, e procurando a viabilidade e permanencia da empresa, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Pleno do Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a facer xestións ante a propiedade de “Maderas Iglesias S.A” coa finalidade de frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:34
Nº Rexistro: 17985
Data envío: 02/10/2017 11:34:47.870

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 11:26:44

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 11:26:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 11:26:52

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 11:26:54

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 11:26:55

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 11:27:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, e a través do voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.^a**, sobre as funcións que os Axentes Medioambientais deberían exercer e non poden por culpa de directrices da propia Consellería de Medio Ambiente.

Os e as Axentes Medioambientais ou Axentes Forestais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axentes da autoridade pertencente á Administración Pública galega e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Xuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Procedentes do Cuerpo Especial de Guardería Forestal del Estado e do Servicio Nacional de Caza, Pesca y Parques Nacionales dependentes no seu día do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Coa creación das Comunidades Autónomas, e como consecuencia da transferencia das competencias de Medio Ambiente ás mesmas, ditos Corpos Estatais disgréganse en 17 Copos distintos, quedando na actualidade, un reducido grupo de Axentes Ambientais no Organismo Autónomo de Parques Nacionales



así como nas distintas Confederacións Hidrográficas dependentes ambos Estamentos do Ministerio de Medio Ambiente.

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 Axentes, dos cales uns +/- 380 están adscritos á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns +/- 160 axentes, atópanse adscritos á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Distribuídos por todo o territorio galego a través de Unidades Territoriais denominadas Distritos Forestais existindo 19. As e os axentes adscritos á Consellería de Medio Rural dependen do Xefe de Distrito. As e os axentes de Medio Ambiente dependen das e dos xefes dos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza.

Dentro do seu marco competencial vense totalmente apagados ao restarlle, a propia Consellería de Medio Ambiente, moitas das funcións atribuídas.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
2. Facer públicas as estadísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.

3. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.
4. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.
5. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Ley 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.
6. Habilitar os e as axentes forestais de medios de defensa personal para o o exercicio das nosas tarefas policiais.
7. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Estévez Rodríguez

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 12:44:23

Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 12:46:54

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O 24 de xuño de 2017 cúmplase o tricentenario da Masonería, institución que hai 300 anos se atrevera a soñar cun ideal para a Humanidade sostido sobre principios sinxelos: o dereito a pensar e o deber de tolerar, as liberdades de conciencia e de pensamento, a tolerancia fraternal cara ao outro e a dignidade humana máis aló de credos, clases sociais, razas, ideas ou nacións. Lamentablemente, ao logo destes 300 anos todos os fundamentalismos relixiosos, todos os totalitarismos políticos e todos os pensamentos únicos coñecidos perseguiron os ideais dunha institución que hoxe se gree a estar severamente ameazada en 23 países do mundo.

España e Galicia non foron unha excepción nesta persecución. Por tal motivo, no inicio do presente período parlamentario no Congreso dos Deputados e a través dunha proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Socialista pedía a anulación de todas as sentenzas e condenas ditadas polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo, entre outros tribunais ilegítimos e ilegais, que condenaron a aquelas persoas que defenderon a legalidade institucional, pretenderon o restablecemento dun réxime democrático e tentaron vivir conforme a opcións amparadas polos dereitos e liberdades recoñecidos hoxe pola Constitución de 1978.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, pensamos que no Parlamento de Galicia debemos facer algo semellante.

Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Que recoñeza a honorabilidade da institución da Masonería.
2. Condene o sufrimento daquelas persoas que aínda hoxe sofren persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executadas por mor da defensa da Masonería e dos seus ideais profundamente democráticos.

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2017 13:44:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2017 13:44:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/10/2017 13:44:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2017 13:44:14

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención sanitaria de emerxencias en Ordes ten, dentro do seu sistema de funcionamento, incorporada a evacuación e traslado de persoas enfermas ao Hospital Clínico de Santiago mediante o uso dun helicóptero de emerxencias. Para a utilización deste medio, é preciso dispoñer de espazo adecuado para despegue e aterraxe. Este espazo tiña unha localización determinada ao lado do PAC da localidade, que ten todos os requisitos dispoñibles para ser utilizada como tal.

A pesares do anterior, o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal abre a posibilidade de que estes espazos sexan utilizados para outros fins, ao non reservalo expresamente e destinalo de maneira concreta ao heliporto. Este novo plan, aprobado polo Goberno de Ordes que sustenta o Partido Popular, elimina este espazo para esta instalación, deixando en precario a situación da atención sanitaria de emerxencias.

Na actualidade, o helicóptero cando ten que acudir a Ordes, debe utilizar o campo de fútbol de Vista Alegre, a 12 minutos do centro de saúde. Esta distancia provoca retrasos na atención, e no caso de enfermos que deban ser trasladados en transporte sanitario, provoca que sexa necesario mobilizar unha ambulancia para trasladar a doentes dende o campo de fútbol ao PAC, ou viceversa. Tense dado o caso de ter que desprazarse unha ambulancia dende Santiago para trasladar unha persoa doente que, chegado ao campo de fútbol, necesitaba transporte sanitario para ser desprazado ou desprazada ao PAC de Ordes, que evidencia que a mala planificación resulta absolutamente ineficiente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter unha xuntanza cos representantes dos partidos representados na Corporación municipal para realizar unha avaliación da atención sanitaria do concello, e analizar especificamente o funcionamento do helicóptero de emerxencias e os seus traslados.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno municipal de Ordes para que inclúa o heliporto no terreo anexo ao PAC de Ordes para poder mellorar e facer máis eficiente a atención sanitaria de emerxencias para os veciños e veciñas afectadas.

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/10/2017 13:40:18

Noela Blanco Rodríguez na data 02/10/2017 13:40:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2017 13:40:28

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arbolada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de todo o territorio.

O desenvolvemento rural da nosa Comunidade Autónoma pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión que poña en alza o noso potencial forestal desde o punto de vista socioeconómico e ambiental. A xestión forestal que garanta a multifuncionalidade do monte galego, tense que desenvolver dunha maneira respectuosa co medio ambiente, procurar a rendibilidade económica e social beneficiosa e, ademais, marcar o camiño do futuro dos nosos bosques.

Nestes últimos anos cubríronse importantes obxectivos respecto da normativa que estrutura o sector forestal de Galicia. A Lei de montes e os decretos de aproveitamentos forestais, de ordenación forestal, de regulación das agrupacións de propietarios forestais, e o que regula os reinvestimentos nos montes veciñais en man común, xunto coa revisión do Plan Forestal de Galicia, actualmente en proceso, significaron un importante avance.

Pódese afirmar que a ordenación de montes ten como finalidade a organización, tecnicamente xustificada, dos usos do monte, a través de especificacións necesarias para a súa xestión sustentable no tempo e no espazo. As vantaxes da súa aplicación son múltiples e entre elas destacan a conservación e crecemento das masas forestais, a fixación e xustificación de quendas, que en determinados casos, posibilitan a existencia de superficies de bosque maduro, ou a posta en valor dos terreos improdutivos do monte.

Dada a importancia da ordenación de montes faise necesario unha maior superficie baixo figuras de ordenación, xestión forestal ou equivalentes en Galicia. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, foi moi sensible a esta necesidade e afrontou de

xeito claro e decidido a adaptación dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal, así como doutras figuras equivalentes á realidade do monte en Galicia.

Dentro deste ámbito a Lei presta especial atención os Plans de Ordenación de Recursos Forestais que se regulan nos artigos 74 e seguintes. No texto legal se definen como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal, como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas e que terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas na propia lei, nos termos establecidos en cada plan. Así mesmo, terán carácter indicativo respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial.

A lei tamén dispón que o contido destes plans deberá coordinarse cos correspondentes plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Estando aberto un procedemento de revisión do Plan Forestal de Galicia, parece oportuno tamén desenvolver as previsións da Lei de montes coa elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) nos 19 distritos forestais de Galicia, de xeito que as orientacións produtivas potenciais, o desenvolvemento de plans específicos, a definición territorial dos terreos forestais e a planificación territorial preventiva faciliten as estratexias produtivas dos silvicultores galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que previo os trámites pertinentes, se inicie o proceso de elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) cun ámbito territorial de distritos, unha vez se remate o proceso de revisión do plan forestal”.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2017 13:51:27

José González Vázquez na data 02/10/2017 13:51:37

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2017 13:51:48

Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 13:51:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/10/2017 13:52:03

Carlos Gómez Salgado na data 02/10/2017 13:52:10

Daniel Vega Pérez na data 02/10/2017 13:52:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/10/2017 13:52:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18032
Data envío: 02/10/2017 16:54:24.135

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a apertura dun expediente sancionador contra Cuac FM por emitir sen a correspondente licenza radiofónica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de setembro de 2016 a Xunta de Galiza notificou á radio comunitaria coruñesa, Cuac FM, a apertura dun expediente sancionador por emitir sen a correspondente licenza radiofónica advertíndolle, alén do máis, de que se expón a unha multa de entre 100 mil e 200 mil euros.

Esta emisora, en activo desde o ano 1996, reclamou en diversas ocasións que a Xunta de Galiza aplique a Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual pola que se recoñecen os medios comunitarios coma un dereito da cidadanía (artigo 4), e establece na súa Disposición Transitoria 14 o dereito dos servizos de comunicación audiovisuais comunitarios de radio e televisión preexistentes, que emitían antes do 1 de xaneiro do 2009, a acceder a licenzas ou autorizacións no ámbito de cobertura no que viñan prestando a súa actividade.

Así as cousas, malia as demandas de Cuac FM e a Rede de Medios Comunitarios o Goberno galego rexeitou en varias ocasións aplicar a lei excluindo as radios comunitarias, non lucrativas, do concurso de licenzas de 2013.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 28 de setembro a asemblea de socias e socios do Colectivo de Universitarios Activos (Cuac) decidiu rematar coas emisións en FM dando continuidade ao seu traballo a través da rede (*streaming*) non sen amosar publicamente a súa perplexidade porque este expediente iniciado pola Xunta lles sexa notificado agora e sen previo aviso.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Paralizar de maneira inmediata o expediente aberto a Cuac FM e as sancións que del se poidan derivar.

2. Dar cumprimento á Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual disponibilizando licenzas radiofónicas para as radios comunitarias non lucrativas existentes no noso país de acordo co disposto na normativa vixente.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18032
Data envío: 02/10/2017 16:54:24.135

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 16:49:38

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 16:49:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 16:49:45

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 16:49:47

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 16:49:48

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 16:49:55



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727